



Curso 2021/2022

## DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO

A Consellería de Educación publicou na Orde do 28 de outubro de 2021 os criterios e o procedemento polo que se regula a **distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en primaria no curso 2021/22**.

**ALUMNADO DESTINATARIO:** Alumnado matriculado en educación primaria

a) **Non ten que presentar solicitude:**

O alumnado beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-22.

b) **Ten que presentar solicitude:**

O alumnado que non foi beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-22 que cumpra algunha das seguintes condicións:

- Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6000€ (para este cálculo sumaranse os recadros 435 e 460 da declaración fiscal do ano 2019 e dividirse o resultado entre os membros da unidade familiar a 31/12/2019).
- Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

**SOLICITUDES** (Só para alumnado non beneficiario da axuda de material):

- A solicitude entregárase de forma presencial no centro educativo
- O prazo de presentación remata o 26 de novembro de 2021.

### **DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR**

- Fotocopia do libro de familia onde figuren todos os membros computables da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán achegar o certificado acreditativo do grao de discapacidade, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación.

### **RECOLLIDA DAS MÁSCARAS**

Unha vez publicadas as listaxes definitivas, 3 de decembro, as máscaras deberán ser recollidas no centro polo pai/nai do alumno/a beneficiario.

Portomouro, 16 de novembro de 2021

O Director,

Asdo.: Manuel Antelo Cordeiro

